

Primeira Parte

Anxos do ceo

Seu pai agarroulle a man entre da súa. A nena sentiu a tenrura e a calor daquela man grande e callosa. Naquel xesto aproximouse á súa beira. Uliulle a tabaco, como sempre, e tamén a aquel cheiro peculiar que desprendía o seu traxe, un cheiro a grá, que a ela tanto lle agradaba. Adoraba a seu pai igual que adoraba ás tardiñas, de puntañas na hucha grande, xogar coas mans entre do trigo, polo tacto suave, facer montonciños e introducir os brazos até os códavos nel, e logo deixalo caer grao a grao, e tamén agochar a boneca de pau e o libro dos animais. El saca un pitillo, e desta vez, antes de volver pousar a man na dela, prodúcese un miragre: ofrécelle o mecheiro de gasolina despois do clik, pechado xa e aínda co metal morno. Sorpréndea de verdade. *Non o prendas, Ana, dille, que te podes queimar.* Dillo mentres lle pasa a man polo cabelo, nun xesto á súa altura. Ela, coas mans pequerechas, apalpa a tapa e a forma cadrada cos dedeiros, contándolle un a un os furados. E foi así como camiñaron un longo treito até o carreiro dos coios grandes. Un Landrover ruxía a fumeaba agardándoos. Cando chegaron a el, seu pai levantouna no ar, colleuna no colo e entraron pola porta traseira. El, primeiro, con coidado, pousouna no asento de skai, deixándolle sen querer as pernas ao ar e o vestido novo de ponto de abella todo engruñado. Ana preguntoulle varias veces se lle había de mercar algo na vila. El non lle dixo nada. Á súa beira percatouse das enrugadas da fronte, da

mandíbula apertada, das mans inquedas sen paraxe. Ana comezou a tararear un pouco unha canción. Apenas se oía entre tanto traqueteo do automóbil. Moito máis adiante, entre dunhas casas novas, o coche parou. Seu pai baixouse só. Ela viu polos cristás uns cativos xogando á beira da estrada. Xogaban cunha pelota fofa encarnada, e a ela caíanlle os ollos por poder baixar e xogar con aqueles nenos. Estaba tan entretida niso que non se decatou de que seu pai xa abrira de novo a porta do coche. Debaixo do brazo traía unha caixiña branca, fermosa, coas asas douradas e cunha cruz grande como a que dona Rosa tiña no cuarto da cama da mesiña. Daquela Ana estremeceuse e tivo medo. Pero non dixo nada, non preguntou nada. El non podía mirala. Cando sentou fronte a ela sacou do peto un caramelo grande e redondo cunha goma longa na punta e amosoullo facéndoo pencear no ar, arriba e abaixo, cos ollos cheos de auga. Ana non dixo nada e el tampouco. Mais ela soubo ben que aquela recompensa seguro que tiña un mal trago. Cando chegaron ao curral da casa, Ana saíu correndo precipitadamente pola lama adiante. Subiu o patín como un lóstrego. Súa nai non estaba alí. O irmán pequeno brincaba contento entre daquela morea de xente. Manuel achegouse para ensinarlle unha boa presada de moedas de pesos, e algunha de cinco pesos tamén. Ela descoñeceu o cuarto de sempre. Ulía raro e as paredes estaban cubertas de sabas brancas cubrindo o mouro. Había tamén moitas flores, moitas. Todo aquilo amitaba unha capela, pero sen ningunha Virxe nin ningún santo. Era Nené, súa irmá pequena, vestida coa túnica azul clariña de debuxos dourados, a mesma que Ana levara no nacemento da parroquia para facer de Virxe. Nené estaba dormida e queda. Ana chamouna timidamente, mais Nené non lle respondía. Tampouco respiraba. Entón axeonllouse como as mulleres vellas sobre das táboas do cuarto para rezar e foi daquela cando dona Rosa a ergueu de súpeto de alí e a sacou daquel choro profundo, prohibíndolle axeonllarse máis. *Polos anxos non se chora, Ana. Son anxos do ceo. É pecado chorar por eles.* Preguntoulle se quería bicala, e claro que quixo. E termou dona Rosa dela no ar, sen desfacer a harmonía daquela estampa, e aquel cheiro a cera e a proximidade de Nené

mareouna un pouco. Entón bicouna como o fixera tantas veces antes, e sentiuna tan fría... tanto!, que lle quedou o seu tacto no beizo apegado, xunto a aquel silencio. Aquilo fíxoa perder a fala durante días enteiros e desde aquela soubo que a morte ten friaxe e un certo saibo a caramelo amargo. A ausencia cheiraba a gasolina e a tenrura morna tamén sobre dos dedos.

Un reloxo de parede

Á noite soñouse espido como unha troita esvaradiza, cruzando o río, libre, cunha friaxe intensa na pel, máis vivo que nunca, co corpo branco e musculado, atravesando unha auga moura e queda. Espertou empapado en suor, febril, con calafríos. Os seus ollos zopetaron como sempre co reloxo. Maldeciuno por marcarlle a realidade, o seu tempo de existir dese xeito, á contra, sen remedio, sentíndose preso del. Estalou a madeira coa calor. As moscas cómeno, atraídas polo ulido acedo do sangue e da carne encetada, ronroneando todo arredor del con insistencia. Fóra del todo é silencio. Dentro, aniñado hai tempo, o mal roe sen canseira, facéndolle temer a noite, pois é daquela cando se fai máis vital e libra unha loita contra del, contra daquel lobo famento que axexa tratando de cansalo e vencelo para acabar con el. Óea subir as escaleiras, oe os seus pasos amiudando pola sala grande. Séntea achegarse á porta. Entón el pecha os ollos para non vela e así evitar o seu contacto. Ela, tan delgada e acabada, coas olleiras mouras. Faino para evitarlle o esforzo daquela entrega incansábel que mantén día tras día. Desagrádalle a ilusión dela naquel engano excesivo que xa non ten sentido manter. Ao comenzo de todo precisábao e soñaba con voltar á vida de novo.

Despois veulle a rabia, os tumbos no cuarto e os berros del requirindo a súa presenza constante para reviralo na cama, sempre o frío, a calor, o medo... Oe agora a auga do lavadoiro fóra, e coa ramalla de mirto escorrenta suavemente as moscas que o roen, presas tamén elas daquel agosto enfermizo. Hoxe sabe que virá don Valeriano co seu maletín de coiro, e agarda que traiga algún remedio. Desde a última visita non poidera probar bocado. Morrería de fame se seguía así. Só se alimenta do que surpe polas paveas, auga con azucre, caldo limpo e auga de limón. Non pode comer nada. O oco cada día é máis profundo, e xa se entrevé por el os dentes marelos e a beira da lingua azulada cunha bostela negra. Ela, con sumo coidado, rechéalle a diario aquel oco cubrindo-lo dun pedazo de carne fresca, crendo que o mal comerá dela, tratando de evitarlle a desfiguración da cara. El xa non pide o espello, non quere verse nel, sobre todo desde que abandonou a rabia e a foi mudando pola lástima e aquela perda que sente de si. Oe no curral o besto e a don Valeriano falar con ela. Logo sénteos bisbear na cociña moi a modiño mentres lle prepara o café. El olla de novo o reloxo, inevitabelmente calculando a tardanza, aquel reloxo que o mide todo, a dor, a espera, as noites insomnes tan longas... Ao fin don Valeriano diante del, co seu traxe grisento de sempre e co seu reloxo cativo de prata pendurado do peto do chaleco. Sorriulle e soubo que aquel medía outro tempo, outras cousas. Entón sentiu envexa, a pesar de ser diminuto ao pé do del. O seu reloxo era antigo e fermoso, solemne, pero sobre todo ameazante. Súa muller subiu detrás del co cazo das xirungas de cristal e as agullas fervidas arañando e ruxindo no fondo. Ela olla decamiño a don Valeriano cuns ollos de interrogación. O médico trasládalle a pregunta de inmediato, querendo saber da dor, se aumenta pola caluga, se medra ao atardecer... El resposta decamiño. Sen dubidalo faille saber que se fose home de seu, e co sabido sabido, xa tería acabado hai tempo con todo isto. Tremeulle o beizo ao aseguralo con amargura. Ela virouse cara á ventá sen poder ollalo. Don Valeriano apartou as gasas e o pano para verlle a ferida, que xa se prolongaba até o pescozo e que en poucos días alcanzaría a arteria, e todo remataría cando o sangue

xurrara irremediabelmente como unha billa aberta, sen haber maneira algunha de trancala. Puido don Valeriano imaxinar o sangue vermello na parede caleada, pola cama, contra da ventá... Esa imaxe fíxoo mudar de postura. Logo quedou pensativo. Ao pouco abriu o maletín e cargou a morfina. Sentouse na cama á súa altura. A vea era boa, abultada e azul da calor. Chuzouno e comprobou a saída da ribiaxe na xiringa para puxar o émbolo co líquido incoloro pouco a pouco, agardando que el adormecese. Non foi así, non pestanexou sequera. Entón veo máis tranquilo agora, e bromean con cambiarse os reloxos. Se fose posíbel! Mais era tarde para iso. Don Valeriano incorporouse e suspirou fundamentalmente. Botou unha ollada para todo, ao tanque da auga, aos panos da mesiña, ao tratamento sen tomar e, ao fondo, ao louzo con auga escura e follas de nogueira para espantarlle as moscas. El tivo sede e pediulles auga fresca. Non puido sorbela. Ela bebeuna por el depositando un fío dela pouco a pouco na súa boca como quen lle dá a un paxaro recién nado algo de vida. El tragouna a modiño, cun xesto de dor. Don Valeriano saíu para o curral. Ela viuño fumar con ansia, viuño pasear sen paraxe e facer unha estreira no chan ao pé do hórreo. Subiu de novo. Tremíanlle as mans. Cargou de novo a xiringa máis grande. Oeuse estalar unha ampola tras outra. Sen diluíla sequera, buscoulle o mesmo carreiro de antes. Meteulla toda sen dubidalo. El pechou os ollos a medias e foille vindo a friaxe polo corpo todo. Voltoulle a sensación de liberdade. Era de novo a troita na auga do río grande. Foi daquela cando eles o viron boquear como ela. Don Valeriano pechoulle os ollos de todo. Sentou na cama cabo del. Ela abriu as ventás para deixalo saír ao fin daquela prisión. Non chorou por el. Non o puido facer. Á tardiña, no val, soaba a campá da igrexa, perto do río, por aquel home forte e grande como un castiñeiro novo.

Sito Mar

Recóstase no sillón de vimbio, fronte ao televisor, allea como sempre á conversa familiar, fascinada pola música, seguíndolle o seu son cos dedos da man dereita a golpear nas pernas. De súpeto para a música. O presentador volve de novo á pantalla e con el a imaxe dos convidados. Vannos enfocando un a a un. A ruxida da conversa resoaba na cociña e ela non podía escoitar ben. Séntese irritada. Súbelle o volume ao aparato co mando a distancia. Nese momento oe o nome do último deles, do máis vello, do canoso, alto e forte, vestido de traxe pardento. Púxose inqueda. Ninguén o ouvira nin se decatara do ocorrido. Só ela. Co mando na man de novo intenta baixarlle o volume, dubidando entre cambiar de canle ou apagar a televisión. Tivo ganas de saír da cociña e desexou por un momento que a baldosa do chan se abrise para que a terra a tragase e poder así desaparecer daquel momento con aquela sensación de culpa. Mais ela non se move e fica queda no asento, alerta e disimulando. Árdelle a cara como se a presenza daquel home fose real e estivese fronte a ela ollándoa. Poida que se non pronunciasen o seu nome, ela non o recoñecese, e agora que se fixa ben en cada detalle, recoñece a mesma boca grande, os mesmos ollos, as mans... Veo tan vello! Tantos anos pasaron desde entón! Non volvera saber nada del, e preguntouse ónde estaría a vella postal de brillo que el lle regalara daquela. Seguro que no caixón, si, no caixón, canda as fotos, qui-

zais húmida e valorenta. Alí estaba aquela parella coas caras xuntiñas e sorrindo, ela co pelo longo en ondas e el cun bigotiño fino, e debaixo deles a frase que tan ben memorizou enteira de tanto ollala: “*Del amor en presencia cobra vida su más pura esencia*”. Nunca soubera ben que quería dicir aquilo. Si, desde logo que sabía que era palabra de amor, claro. Entón cavilou nun lamento: que nada podería ser máis fermoso que a mocidade, nada, e que ela non se decatara até que pasou, até que a perdeu, até que se lle foi como un voo, nun pestanexo cativo. Non o podía crer e tiña diante. Sito, Sito, repetiu para ela. Sito, o músico da Orquestra As *luces*, que tan ben cantaba. Era o mellor, sen dúbida. Non era teima súa. Dicíano todos. Tiña unha voz excepcional, a pesar daquela maldita enfermidade que o tivera apartado tanto tempo nun pavillón de tuberculosos, illado cando a outros nun hospital ás aforas de Ferrol, onde pasou longos meses, bebendo o ar dos piñeiros, ao descanso das raiolas das tardes, naquela vida tranquila e sá e sen deixar nunca a estreptomocina, matando o tempo con outros doentes e coas monxiñas ás que tanto lles irritaba que lles cantase, como se a xuventude del e a súa alegría provocasen certo desacougo ao ritmo mortecino dos días. Saíu de alí sen un pulmón, pero saíu, e cantaba o mesmo, ou moito mellor aínda. Daba salvación escoitalo. Enchía as verbenas do Carme, e non só pola voz, tamén polo morbo que tiña velo desafiando á peste, tan fino e bo mozo, delgadoño, cos seus brancos traxes de orquestra e camisa bordada de colo duro. El baixara do palco para escollela a ela entre todas as outras e invítala a bailar, e ela, aquela noite, agardou por el deixando a outros. Fora na Patroa, en Santa Marta, xusto o ano que ela rematara o luto por súa nai. Levaba un vestido de flores, acórdase ben, de flores azuis pequerrechas. Era un vestido de voo, algo acampanado. Os beizos pintados e pos na cara. Agora co recordo volvíalle a emoción á boca do estómago e a imaxe dela bailando as pezas novas e as vellas cancións de sempre que ela tan ben sabía, cancións como “*Campanero jerezano*” ou “*Te llaman perla preciosa*”. Ela facía reviravoltas ao danzar créndose que a letra se fixera para aquela ocasión e quizabes para ela, si, podía ser. Necesitaba tanto que fora así! Pero o que máis

a enchía de fachenda era a imaxe del campo abaixo, dirixíndose a ela. Deixou que a acompañara aquela noite e moitas outras noites máis. Adoraba as cousas preciosas que lle dicía el para conquistala, aquela maneira de susurrarlle ao ouvido “*fermosa de ollos chineses, de boca de xasmín*”. Deus, o tacto na orella da súa boca e o recordo da súa colonia e do seu tabaco no seu pescozo! Remexeu no sillón acordándose das últimas citas nas que ela agardaba soa mentres el facía no palco figuriñas para outras, e ela adolecendo de ciúmes. Tardáralle tanto tempo en pasar aquela paixón que sentía por el, tanto! E foi por aqueles días cando Xosé comezara a convidala ao paseo pola Rúa Real os domingos polas tardes, convidándoas a todas a chocolate e algunha que outra copa de anís na Casa Souto. Nunca máis puido soportar o ulido doce do anís nin ver as botellas sequera. Era voltar á dor daquel tempo e á marca do seu olvido. Comezara Xosé a darlle unhas voltas, pero tanto lle tardara a ela írselle do pensamento, tanto, que aínda hoxe ao velo se decatara que non chegara nunca a esquecelo de todo.